



BANDO

Don Alberto Rey Paz, Alcalde do Concello de Cerdido.

RESTRICIÓN NO USO DA AUGA

Solicitamos aos veciños en xeral que para evitar problemas de abastecemento a través da rede municipal de auga potable, colaboren na redución do seu uso innecesario, recomendando evitar o consumo superfluo doméstico e industrial.

Queda prohibido destinar a auga potable da rede xeral para a rega de xardíns, céspede, hortas e similares, o enchido de piscinas, a vertedura de auga potable á vía pública, a rega de leiras de cultivo e a limpeza de vehículos.

A auga é un ben escaso, e máis aínda nas datas actuais, problema que aumenta pola falta de choivas, o que provoca que se diminúa o caudal dos mananciais afectando á recuperación dos niveis dos depósitos municipais de auga potable

Por iso, solicitamos a máxima colaboración dos veciños en xeral, lembrando a necesidade de aforrar auga, para evitar que se deban tomar decisións de restricións temporais.

En Cerdido, a 12 de agosto de 2026

Alberto Rey Paz